

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA DO 14 DE MAIO DE 2010

1.- Proposta do concelleiro delegado de Xuventude relativa á solicitude dunha subvención á Consellería de Traballo para actividades dirixidas á xuventude.

Solicítase unha subvención de 7.500 euros á Consellería de Traballo e Benestar para a realización de actividades destinadas á xuventude.

2.- Proposta da concelleira delegada de Réxime Interior relativa á adxudicación provisional do contrato de prestación do servizo de mantemento de vehículos municipais.

Adxudícase provisionalmente o contrato de referencia á empresa NOYAMOVIL, SL, por importe de 28,50 euros máis IVE para traballos de revisión e mantemento dos vehículos, 9 euros máis IVE por lavado completo, aspirado e limpeza de cristais e 4 euros máis IVE por lavado exterior dos vehículos.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Infraestructuras relativa á adxudicación definitiva do contrato de obras de adecuación e actualización do proxecto de reurbanización da rúa Home Santo de Bonaval.

Adxudícase definitivamente o contrato para a realización das "Obras de adecuación e actualización do proxecto de reurbanización da rúa Home Santo de Bonaval" á empresa C. ALDASA SLU, por un importe de 874.008,05 euros.

4.- Proposta da concelleira delegada de Cultura relativa á adxudicación definitiva do contrato de proxecto básico e de execución das obras de reforma do aparcadoiro e os seus accesos no Auditorio de Galicia.

Adxudícase definitivamente o contrato de "Proxecto básico e de execución das obras de reforma do aparcadoiro e os seus accesos no Auditorio de Galicia en Santiago de Compostela" á empresa JESÚS MARTÍNEZ ÁLVAREZ, SA, por un importe de 217.241,37 euros, cun prazo de execución de dous meses.

5.- Proposta da concelleira delegada de Medio Ambiente relativa á adxudicación definitiva do contrato de proxecto de execución "Edificio de servizos" no parque de Eugenio Granell no Paxonal, que define as obras necesarias para proceder á instalación dunha cafetería a modo de quiosco de abastecemento de alimentos e similares.

Adxudícase definitivamente o contrato de "Proxecto de execución do "EDIFICIO DE SERVICIOS" no Parque de Eugenio Granell no Paxonal" á empresa CONSTRUCCIONES EN PIEDRA SIGRAS SL, por un importe de 172.405,99 euros, e un prazo de duración de 45 días

6.- Adxudicación do contrato para arranxo de vías municipais.

Adxudícase provisionalmente o contrato de referencia á empresa OVIGA, SL, por importe de 948.275,86 euros.

7.- Proposta da concelleira delegada de Normalización Lingüística relativa á aprobación do orzamento da programación "Maio das Letras 2010".

Apróbase o programa e un orzamento de 18.403,54 euros.

8.- Proposta do concelleiro delegado de Xuventude relativa á aprobación do programa "Compostela Skate 2010" así como o seu orzamento.

Apróbase o programa e un orzamento de 30.936 euros.

9.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á contratación das actividades da ESCOLA DE VERÁN DE INGLÉS.

Apróbase o prego de condicións técnicas e administrativas para a devandita contratación, cun orzamento de licitación de 38.000,72 euros.